


Produto interior bruto galego e estatal

A cuantificación dos cambios no nivel de actividade realizados polo IGE, e mencionados na súa nota informativa⁽¹⁾ do 27.08.2015 supón que o nivel do PIB galego estimado co cambio de base é un 0,94% superior ao estimado na base anterior para o ano 2010, e un 0,77% para o 2011. Isto fai que os valores recollidos nos trimestres e anos anteriores non coincidan cos incluídos en anteriores edicións deste Boletín. Unha vez tido isto en conta, o resultado acadado no 2º trimestre do 2015 danos un valor para o PIB galego que se traduce nun incremento intertrimestral do 0,6%, e dun incremento interanual do PIB do 1,8%. A nivel estatal, as porcentaxes correspondentes foron incrementos do 1,0% para o trimestre, e do 3,1% na evolución interanual do PIB.

Variación interanual porcentual do PIB (Índices de volume encadeados, referencia ano 2010=100. Datos Corrixidos de estacionalidade e calendario) Galicia-España 2009-2015

	% (T/T-4)	2009	2010	2011	2012	2013	2014	1T14	2T14	3T14	4T14	1T15	2T15
Galicia		-3,6	0,2	-1,3	-2,7	-0,7	0,4	0,0	0,1	0,5	0,8	1,3	1,8
España		-3,8	-0,2	0,2	-1,6	-1,2	1,4	0,5	1,2	1,6	2,0	2,7	3,1

Fontes: INE (Contabilidade Nacional Trimestral), IGE



O gráfico representa a evolución dos PIB galego e estatal dos últimos 14 trimestres. A evolución ao alza do PIB que se viña observando nos últimos trimestres se mantén e mesmo se acentúa, se ben cómpre destacar que a citada tendencia é máis forte e prolongada no conxunto do Estado do que o é en Galicia.

Poboación activa, contratación, paro rexistrado e afiliación á Seguridade Social

No 3º trimestre de 2015, a Enquisa de Poboación Activa (EPA) reflicte para Galicia unha diminución de -13.700 persoas respecto da poboación activa no mesmo trimestre do ano anterior, o que supón un descenso da poboación activa do -1,1% nos últimos 12 meses. Trátase de valores moi similares aos observados na EPA anterior, e seguen a amosar un descenso da poboación activa superior ao observado no conxunto do Estado en idéntico período (en comparación, o dato interanual no total de España ofrece un descenso de tan só un -0,1%). A taxa de ocupación tivo un mellor comportamento: cun aumento de 29.100 ocupados respecto ao 2º trimestre e de 21.700 nos últimos 12 meses, a poboación ocupada acadou no 3º trimestre o 1.039.000 de persoas ocupadas, o cal supón unha taxa de ocupación dun 44,1%. En canto a taxa de paro, a EPA fíxa a nun 17,7% da poboación activa, sendo o número de persoas desempregadas neste trimestre 222.800. Esta taxa é inferior en -2,3 puntos porcentuais á rexistrada no trimestre anterior.

No que se refire á contratación, no mes de setembro asináronse 87.553 novos contratos en Galicia, 11.589 máis que no mes de agosto (o 15,3% máis) e 7.193 máis que en setembro do 2015 (aumento do 9,0%). Por sectores de actividade, todos salvo a construción amosan datos de crecemento da contratación, destacando dun xeito especial o forte crecemento no sector primario. Porén, se atendemos ao tipo de contrato asinado, o forte incremento respecto ao mes pasado da contratación indefinida contrasta co estancamento deste tipo de contratación no dato interanual, que amosa un descenso desta nun -0,1%.

NOTA(1): A nota informativa do Instituto Galego de Estatística (IGE) do 27.08.2015 comunica que no 2º trimestre de 2015 prodúcese un cambio de base contable na estimación do Produto Interior Bruto, motivado pola implantación dun novo estándar metodolóxico nas contas económicas de Galicia. Este cambio de base supón a introdución de melloras nas estimacións económicas da Comunidade, derivadas da variación nos procedementos estatísticos empregados e da actualización das fontes de información que fornecen o sistema. A isto hai que engadir a obriga establecida pola Unión Europea de medir a actividade ilegal, obriga que procede do resultado dos controis periódicos que a Comisión Europea realiza sobre a comparabilidade e exhaustividade dos datos que os países membros entregan a Eurostat.

En canto ao paro rexistrado en Galicia en setembro de 2015, contabilizáanse 215.737 persoas, dato que supón un incremento de 2.005 respecto ao mes anterior (0,9%) e un descenso de -22.466 persoas desempregadas respecto ao mesmo mes do ano anterior (-9,4%). O descenso amosa un comportamento moi diferenciado tanto por sexo (mentres que o número de homes en paro apenas aumentou este mes, o de mulleres o fixo en máis dun 1,6%) como por sector de actividade: o paro no sector servizos incrementouse nun 2,4%, cando os demais sectores de actividade amosan un descenso en maior o menor medida.

Os datos da Tesourería Xeral da Seguridade social indicánnos que en setembro de 2015 a media de persoas afiliadas á Seguridade Social en Galicia foi de 957.472, o cal supón -5.724 menos que no mes de agosto (un descenso do -0,6%, mentres que a media estatal tivo un moi lixeiro ascenso) e 20.803 máis persoas afiliadas que en setembro de 2014 (o 2,2% máis, por debaixo da media estatal, onde a afiliación incrementouse no 3,2%).

Valores Poboación Activa Galicia-España III Trimestre 2015

	Trimestre actual	Variación trimestre anterior		Variación mesmo trimestre ano anterior	
		Diferencia	Porcentaxe	Diferencia	Porcentaxe
Galicia	1.261,9	-0,5	0,0	-13,7	-1,1
España	22.899,5	-116,0	-0,5	-32,2	-0,1

Fonte: *Enquisa de Poboación Activa* - INE (datos en miles)

Datos contratación en Galicia por xénero, idade, tipo de contrato e sector, Setembro 2015

	Mes actual	Var. mes anterior	% Var. mes anterior	Var. mes ano anterior	% Var. mes ano anterior
setembro 2015	87.553	11.589	15,26%	7.193	8,95%
Homes	46.044	4.807	11,66%	4.025	9,58%
Mulleres	41.509	6.782	19,53%	3.168	8,26%
<30 anos	27.982	3.293	13,09%	2.099	8,11%
entre 30 e 44 anos	39.372	5.473	16,15%	2.736	7,47%
>44 anos	20.199	2.877	16,61%	2.358	13,22%
Indefinido	6.097	2.216	57,10%	-7	-0,11%
Temporal	77.923	9.649	14,13%	7.347	10,41%
Prácticas / Formación	2.030	467	29,88%	109	5,67%
Outros	1.503	-742	-33,05%	-255	-14,51%
Agricultura e Pesca	5.785	3.892	205,60%	1.802	45,24%
Industria	12.524	2.232	21,69%	1.239	10,98%
Construción	4.021	-15	-0,37%	-155	-3,71%
Servizos	65.223	5.480	9,17%	4.309	7,07%

Fonte: *Boletín Mensual de Contratación*, Consellería de Traballo e Benestar

Paro rexistrado en Galicia por xénero, idade e sector, Setembro 2015

	Mes actual	Var. mes anterior	% Var. mes anterior	Var. mes ano anterior	% Var. mes ano anterior
setembro 2015	215.737	2.005	0,94%	-22.466	-9,43%
Homes	96.751	104	0,11%	-14.415	-12,95%
Mulleres	116.981	1.901	1,63%	-8.051	-6,34%
<30 anos	28.543	989	3,46%	-6.019	-16,93%
entre 30 e 44 anos	78.904	524	0,66%	-11.169	-12,33%
>44 anos	106.285	492	0,46%	-5.278	-4,71%
Agricultura e Pesca	7.285	-72	-0,99%	-154	-2,09%
Industria	27.307	-357	-1,31%	-5.675	-17,39%
Construción	26.470	-753	-2,84%	-5.688	-18,11%
Servizos	134.071	3.260	2,43%	-8.879	-6,07%
Sen emprego anterior	18.599	-73	-0,39%	-2.070	-10,05%

Fonte: *Boletín Mensual do Paro rexistrado*, Consellería de Traballo e Benestar, Xunta de Galicia

Datos de Afiliación á Seguridade Social Galicia-España, Setembro 2015

	Afiliación media setembro 2015	Variacións			
		mes anterior		interanual	
		absoluta	relativa	absoluta	relativa
Galicia	957.472	-5.724	-0,59%	20.803	2,22%
España	17.189.815	8.916	0,05%	528.112	3,17%

Fonte: IGE *Informe de afiliación á seguridade social* (segundo datos do Ministerio de Empleo e Seguridade Social)

A sinistralidade laboral en Galicia continuou en aumento, tal e como está a ocorrer ao longo de todo o ano. En agosto, o número de accidentes laborais con baixa en xornada de traballo aumentou nun 10,5% respecto aos accidentes con baixa no mesmo mes do ano pasado. Cómpre sinalar que non só os accidentes leves (que supón máis dun 98% do total dos accidentes laborais con baixa) seguen coa súa tendencia ao alza, senón que neste período observase un moi preocupante incremento dos accidentes mortais (sete accidentes mortais fronte a dous accidentes no mesmo período do ano 2014). Pola súa banda, os accidentes graves seguen a manter a súa tendencia decrecente.

Por sectores de actividade, unha vez máis o dato máis positivo segue a ser o do sector pesqueiro, o único no cal o número total de accidentes reduciuse no período de referencia.

Accidentes laborais con baixa en xornada de traballo por sectores de actividade e gravidade. Galicia, Agosto 2015

	Leves			Graves			Mortais			Totais		
	2014	2015	% Var	2014	2015	% Var	2014	2015	% Var	2014	2015	% Var
Agricultura	96	101	5,21	6	3	-50,00	0	0	0,00	102	104	1,96
Pesca	84	81	-3,57	7	2	-71,43	0	2	-----	91	85	-6,59
Industria	426	519	21,83	3	3	0,00	0	2	-----	429	524	22,14
Construción	200	230	15,00	6	6	0,00	0	1	-----	206	237	15,05
Servizos	821	873	6,33	7	7	0,00	2	2	0,00	830	882	6,27
Total	1.627	1.804	10,88	29	21	-27,59	2	7	250,00	1.658	1.832	10,49

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. ISSGA.

Conflitividade laboral

Segundo os datos provisionais facilitados polo Ministerio de Emprego e Seguridade Social no período xaneiro-xuño de 2015, en Galicia leváronse a cabo 51 folgas, o que supón un descenso dun -12,1% fronte as do mesmo período do ano anterior. Se nos fixamos na repercusión destes conflitos en función das persoas traballadoras que participaron neles, vemos que tamén se produciu un descenso, neste caso un -33,7%. Porén, tomando como referencia as xornadas non traballadas con motivo de folga, en Galicia rexistrouse un aumento no período de referencia de 4.547 xornadas (incremento dun 11,9%) no total de xornadas de traballo perdidas no 1º semestre do ano respecto ao do 2014, a diferenza do acusado descenso nas xornadas non traballadas por folga producido no conxunto do Estado no mesmo período, se ben o comportamento deste parámetro foi menos negativo no segundo trimestre do ano que no primeiro.

Folgas realizadas, traballadores participantes e xornadas non traballadas Galicia-España Xaneiro-Xuño 2015

	Folgas		Traballadores participantes		Xornadas non traballadas	
	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período ano anterior
Galicia	51	-7	11.339	-5.754	19.553	2.646
España	393	-65	103.942	6.448	263.683	-85.067

Estadística de folgas e peches patronais. Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

(datos provisionais)

Datos de expedientes de regulación de emprego

Os datos dispoñibles sobre expedientes de regulación de emprego permiten facer unha análise comparativa dos dous primeiros cuatrimestres do ano fronte aos do 2014. En 2015 presentáronse 423 ERE, un -39,7% menos que no mesmo período do 2014. Todos os grupos de expedientes diminuíron respecto ao ano 2014, sendo este descenso especialmente destacado nos de redución de xornada, que baixaron en máis da metade (un -54,1% menos). Cun -25,6%, os ERE por suspensión de contratos tamén se reduciron de xeito moi significativo. Porén, o comportamento dos expedientes desta categoría no sector pesqueiro racha con esta tendencia, ao incrementarse de 17 a 103, máis dun 500% de aumento.

Neste mesmo período se aprecia un descenso dun -48,8% no número de persoas traballadoras afectadas por expedientes de regulación de emprego, tanto para homes (3.074 afectados fronte aos 5.949 afectados no 2014) como para mulleres (946 traballadoras afectadas en lugar das 1.905 afectadas no 2014). Apréciase que ambos sexos ven reducido o impacto dos ERE nunha porcentaxe moi similar.

Expedientes de regulación de Emprego segundo a medida e o sector de actividade (Xaneiro-Agosto 2015)

	Despedimentos colectivos			Suspensións de contratos			Reducións de xornada			Totais		
	2014	2015	% Var.	2014	2015	% Var.	2014	2015	% Var.	2014	2015	% Var.
Agricultura	1	0	-----	1	0	-----	1	0	-----	3	0	-----
Pesca	0	1	-----	17	103	505,88%	0	0	0,00%	17	104	511,76%
Industria	10	12	20,00%	122	42	-65,57%	71	30	-57,75%	203	84	-58,62%
Construción	5	4	-20,00%	54	20	-62,96%	39	14	-64,10%	98	38	-61,22%
Servizos	11	8	-27,27%	115	65	-43,48%	255	124	-51,37%	381	197	-48,29%
TOTAL	27	25	-7,41%	309	230	-25,57%	366	168	-54,10%	702	423	-39,74%

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar, Dirección xeral de Traballo e Economía Social

Datos da *Encuesta Trimestral de Coste Laboral* do INE para o segundo trimestre de 2015 indican que o valor medio do custo salarial por persoa traballadora e mes para este trimestre foi de 2.242,9 €, o que supón un descenso interanual dun -2,1%. No referente aos custos salariais, o seu valor medio por persoa traballadora e mes foi de 1.635,8 €, valor que representa un descenso interanual do -2,2% nos custos salariais en Galicia. Ambos descensos son os máis acusados rexistrados nos últimos trimestres.

Custos laborais e salariais. Galicia. 2010-2015

	Custo laboral por persoa traballadora e mes		Custo salarial por persoa traballadora e mes	
	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.
2010	2251,3	2,3	1663,2	3,0
2011	2265,3	0,6	1669,7	0,4
2012	2206,2	-2,6	1618,1	-3,1
2013	2260,2	2,4	1656,0	2,3
2014	2261,4	0,0	1654,0	0,0
1T14	2170,3	-0,4	1572,4	0,1
2T14	2291,8	-0,1	1671,9	-0,2
3T14	2204,8	0,0	1602,8	0,2
4T14	2378,7	0,6	1769,0	-0,5
1T15	2175,0	0,2	1582,3	0,6
2T15	2242,9	-2,1	1635,8	-2,2

Fonte: INE (*Encuesta trimestral de coste laboral*)

Sociedades constituídas, disoltas e ampliacións de capital

En setembro constituíronse 281 sociedades mercantís en Galicia, o que incrementa o seu número en 75 respecto do mes anterior pero supón unha diminución de -77 sociedades constituídas respecto ao mesmo mes do ano pasado. O capital medio subscrito nas sociedades constituídas no último mes foi de 100.023,6€, o que supón un marcado incremento respecto do mes anterior ou o mesmo mes do ano pasado.

Sociedades mercantís creadas ou que amplían capital, Setembro 2015

	Dato do mes		Var. absoluta núm. sociedades constituídas respecto mes pasado	% variación de capital respecto ao mes pasado	Var. absoluta núm. sociedades respecto mesmo mes ano pasado	% variación de capital respecto ao mesmo mes do ano pasado
	Núm. sociedades	Capital (miles €)				
Sociedades constituídas	281	25,898,0	75	24,8	-77	181,7
Sociedades que ampliaron capital	95	100,023,6	12	147,8	-50	50,4

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

Sociedades mercantís disoltas ou que reducen capital, Setembro 2015

	Setembro 2014	Agosto 2015	Setembro 2015
Sociedades disoltas	86	67	88
Sociedades que reducion capital	28	29	15
Sociedades en situación concursal	13	25	12

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

Por outra banda, en xuño disolvéronse 88 sociedades mercantís, 21 máis que no mes anterior, e dúas máis que no mesmo mes do ano pasado. No tocante ás reducións de capital, este feito produciuse en 15 empresas (14 menos que no mes anterior, e 13 menos que en xuño de 2014). Ademais, rexistráronse dous procesos de escisión de empresas, tres de fusión e 12 empresas entraron en situación concursal, dato que supón unha rebaixa dun -7,7% respecto das que o fixeron o mesmo mes do pasado ano.

Actividade do Consello Galego de Relacións Laborais

Un rápido balance da evolución da actividade do Consello Galego de Relacións Laborais ata o 3º trimestre do ano 2015 indican que, en exercicio da función consultiva sobre normativa laboral conferida pola Lei 5/2008, reguladora do Consello, emitíronse 34 ditames. No terceiro trimestre, no relativo ao fomento do debate sobre temas laborais de actualidade, o Consello levou a cabo una xornada en Santiago de Compostela dedicada a *A Incorporación da Perspectiva de Xénero nas Relacións Laborais*, contando coa presenza e participación de máis de 50 asistentes.

O Consello apoia e fomenta a negociación colectiva a través do seu procedemento de solución extraxudicial de conflitos (AGA) que rexistrou a entrada de 50 expedientes ao remate do 3º trimestre, e proseguiu a súa labor a prol da negociación colectiva en diversos sectores como sede de comisións paritarias, en reunións de comisións negociadoras de convenios ou estudando as posibilidades de sinatura dos mesmos en sectores que carecen deles ou nos que a negociación atópase bloqueada.

Finalmente, como novidade do mes de outubro, hai que sinalar a posta en marcha da Comisión Tripartita Galega de Inaplicación de Convenios Colectivos de Traballo, comisión que ten a súa sede neste Consello e na que están representadas as organizacións intersectoriais sindicais e empresariais máis representativas, así como a Consellería competente en materia de emprego.

Pode consultar máis información específica da situación da negociación colectiva galega no Boletín da Negociación Colectiva do Consello: http://cgrl.xunta.es/g_neco12.html